

SOFÍA E A SÚA NAI A VIDA

Hai un lugar,
ao sur do país azul
onde medran as buganvilias.

¡Cantas veces arroubadas
polas buganvilias,
pensamos en Sofía!

Sofía a filla da «nai da VIDA»:
Tres follas,
tres pétalos,
as buganvillas

Metamorfose da Luz reflectida:
a Cor do sangue
a Cor da paixón
a Cor do desexo
a Cor da VIDA.

sida

¿A Feiticeira hipodérmica
navega licuada polos ríos
contaminados do desacougo?

Hedonismo en ceos virtuais.

¿Un Nariz-boca xanta a
súa desesperación?

¡Coidado! ¡Non pisar o VÓMITO!

¡Osíxeno para o sangue!

¡Rebelión para o corazón!

Os laboratorios interpretan ao piano
«PARA ELISA».

Os científicos traballan para as multinacionais dos virus.
Soltar o lastre.
Abrir e fechar a muralla:
Dicir NON
aos paraísos vendidos.

NON aos falsos profetas.

NON ao becerro de ouro.

SI
á VIDA
SI
ao AMOR

SI
á solidariedade

SI á sinxeleza;

na ERA DA TECNOCRACIA.

E

Como a muda SOFÍA, a do Hospital do «Niño Jesús».
¡Cantemos!

Cantemos un canto de rebeldía.
Aínda que polas meixelas,
a revogacións
esvaren dúas bágoas esféricas,
ceibadas para non ter
medo.

Coma Sofía Xantemos, con culleriña de café.
Sentenciando a Morte.

E

de xantar algo,
xantar a Alegría;
esa que cando se solta en gargallada;
afrouxa as carnes
e,
deixa que te asulague
a ondina que flamexa,
que fai ferver o sangue
e...
Entón es Bugarvilia.

A FLOR-FOLLA
VERDE
ROSA-FORTE
AZUR
VIOLETA-OURO
LARANXA
PÚRPURA-ALBOR

QUE GABEA CARA Á Luz.
Ao sur do país Azul.